


PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Asemblea: continuamos traballando os calendarios do mes de abril e tamén continuamos co proxecto da primavera. Hoxe tócanos falar do tempo, tedes que preguntarlle aos nen@s que tempo fai estes días, que foi o que cambiou, si fai moito frío, etc.


Despois @s nen@s teñen que unir os puntos da ficha para formar un sol (podedes axudalos xa que a actividade é un pouco complicado para eles). No outro documento podedes atopar a ficha para imprimir.



Lóxica- matemática: hoxe imos xogar coas flores. Saímos ao campo (as familias que teñan terreo e poidan) e collemos algunhas flores, despois @s nen@s teñen que contar os pétalos e anotalo nun folio. Para as familias que non poidan saír deixei unha ficha no outro documento, a cal podedes imprimir e realizar.




Lectoescritura: hoxe imos xogar cos animais de xoguete que teñen @s nen@s na casa (seguro que todos teñen). Nunha cesta colocamos os animais e na outra cesta colocamos tarxetas co nome dos animais (tedes uns modelos no outro documento). Os nen@s teñen que unir cada tarxeta co seu animal. Ou tamén podeades colocar unha tarxeta no medio e ao redor todos os animais, e @s nen@s teñen que adivinar de que animal é ese nome.



Xogo: estes días podemos facer unha carreira de vermes. Primeiro temos que facer as vermes cunhas tiras de papeis de cores, dobrámolos e cortámoslle as esquinas e rematámolas debuxando a cara. Despois cunhas palliñas xa estamos listos para comezar a carreira.





Especialistas: recordarvos que os xoves nos visita a mestra de lingua estranxeira e os venres a mestra de música. Anímovos a entrar nos seus apartados na web do centro, e realizar algunhas das actividades que elas vos proponen.

Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto “Pájaro amarillo” de Olga de Dios (<https://youtu.be/VCgVZ9j94EI>) . Ao rematar podeades escribir o título do conto e facer un debuxo (deixo as fichas no outro documento).